



COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org



Estimados compañeiros e compañeiras:

Tamén este ano me toca desculparme con vos polo atraso nesta comunicación, pero estamos no medio dun vórtice con varias cuestións importantes (alegacións a algúns proxectos de normas, RPT de Medio Rural, dificultades sobrevidas no traslado de sede, e a xestión ordinaria que ás veces se pon espesa...) sobre da mesa e, ademais, a tecnoloxía, ás veces, tampouco axuda..., menos mal que xa o tiñamos medio arranxado desde o ano pasado.

E unha vez cumprido coa cortesía, paso a informarvos dos seguintes asuntos de interese.

FESTIVIDADE DE SAN ISIDRO LABRADOR.

Como tódolos anos por estas datas, estamos a organizar a celebración da festividade do noso patrón San Isidro Labrador e, coma sempre, con tal motivo, e na súa honra, convocámosvos a un xantar de confraternidade que se celebrará o vindeiro día 15 de maio, mércores, no PAZO DO FAREMELLO (Rois – A Coruña), ás 14:30 horas.

Lembraredes que foi onde a fixemos o ano pasado, e a día de hoxe entendemos que non hai ninguén interesado en facer as visitas guiadas que se vos ofreceron na anterior circular. Si alguén ten interese en facer esa visita que o comunique e tentaremos que se faga (en calquera caso, sempre antes do xantar).

Mantense o custe “0” para colexiados/as, e o de 60€ (IVE incluído) para os/as acompañantes.

Para apuntarvos ao xantar, tedes ata o xoves día 9 de maio, as 19:30 horas.

Igualmente, faremos as habituais entregas de distincións aos autores dos **mellores traballos visados en 2018** (tanto de compañeiros/as noveis, como cun maior historial), a homenaxe aos colexiados e colexiadas que teñen **cumprido 25 e 50 anos de colexiación, dende o ano pasado**, e o recordatorio aos que dende aquela nos teñen deixado.

Neste punto, compre salientar que, ante o descenso no número de traballos visados, existe a posibilidade de que algún/s dos premios queden desertos.

Tamén vos recordamos, que se algún de vos, xa ten cumpridos os 25 ou 50 anos de colexiación, e no seu día non se lle deu a súa distinción, a pode solicitar (tamén ata o xoves 9 de maio).

O Menú é o seguinte (aínda que poda estar suxeito a algunha pequena variación):

Aperitivos: xamón ibérico D.O. con picos de Xerez, polbo á feira, cometas de pasta brie recheos de gambas, croquetas de centola ao azafrán, queixos variados D.O., empanadas tradicionais galegas...

Primeiro: gambas vermellas á prancha con escamas de sal.

Sorbete de limón verde ao gin galego.

Segundo: entrecosto de tenreira galega con pataca asada e cogomelos con trigueiros. Salsa: pementa

Sobremesa: chocovaso de crema de oruxo con xeadado de vainilla.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 - A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Viño Branco, D.O. Rías Baixas "Pazo de Faramello", de Bodegas Attis.
Viño Tinto D.O. Rioja "Vallobera".
Viño Tinto D.O. Ribeira Sacra "Ponte da Boga".
Viño escumoso D.O. Cava.
Café *Illy* e infusións ecolóxicas.
Augardentes.

CAMBIOS NO MODELO DE COMUNICACIÓN COS COLEXIADOS E COLEXIADAS.

No Colexio entendemos que, cada vez máis, temos que tender ao consumo "0" de papel, non só por economía, xa que o seu consumo neses termos semella asumible. Moitos de vos nos tedes falado, algunha vez, neses termos, e imos acometer esa transformación, pero entendendo que non o podemos facer ¡xa!, de xeito repentino, porque non temos enderezos de correo-e de todos vos.

Ademais, ese modelo, para o seu funcionamento óptimo, require da vosa colaboración, mantendo ese dato (endereço de correo-e) sempre actualizado nas Bases de Datos colexiais, obriga (a de manter os vosos datos de contacto, e outros, ao día) establecida, por outra parte, nos nosos estatutos colexiais.

Así pois, pedímosvos que aqueles que estades interesados en deixar de recibir comunicacións informativas do Colexio, en formato papel, nos fagades o favor de **comunicarnos/confirmarnos**, expresamente, o voso desexo nese sentido, ao tempo que indicades o endereço de correo-e no que queredes recibir as nosas comunicacións electrónicas.

A nosa pretensión é que nun par de anos, practicamente o 100% das nosas comunicacións informativas con vos se fagan vía "web", "lista de avisos", correo-e, ou calquera outro sistema telemático que o Colexio implante no futuro.

Isto no rexería para outras comunicacións como notificacións, etc. Que seguirán a ser en papel.

Así mesmo, neste ano, e por motivos semellantes, tentaremos darlle unha volta ao visado de traballos, primando o visado electrónico, en prexuízo do tradicional visado presencial en papel. Esperamos levar este asunto á próxima Asemblea Xeral Ordinaria de xuño.

Sen máis, un cordial saúdo.

A Coruña, 23 de abril de 2019.



Asdo.- Rafael J. Muíños Moreno.
Presidente COITAAC.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002
Pontevedra.